



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A MEMORIA AMBIENTAL NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

Órgano promotor: Augas de Galicia

Código: 1411/2012

ANTECEDENTES

1. Segundo se recolle na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle á Administración hidráulica de Galicia a elaboración dos plans de seca a que se refire o artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do plan hidrolóxico nacional, no ámbito das bacías intracomunitarias.
2. O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro, sinala na memoria e no programa de medidas a necesidade de dispoñer dun plan de seca para a demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, co obxecto de ter un instrumento que permita á Administración a toma de decisións e a adopción de medidas que permitan minimizar os efectos adversos das situacións de seca.
3. Con data de 13.06.2012 Augas de Galicia, como órgano promotor, comunicou á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, o inicio da tramitación do Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (en diante Plan ou PSGC), acompañando dita comunicación dun documento de inicio.
4. O documento de inicio foi exposto ao público a través da web de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, abríndose un prazo de consultas do 14.06.2012 ao 13.07.2012. Durante dito período, consultouse ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións para que realizasen os comentarios que estimasen pertinentes en relación ao Plan.
5. Tomando como base o documento de inicio e o resultado das devanditas consultas, elaborouse o documento de referencia (DR) que foi emitido con data do 17.07.2012.
6. O Plan, incluído o ISA, someteuse ao proceso de información pública e consultas durante un prazo de 45 días, tras a publicación do seu anuncio no DOG núm. 229, do 30 de novembro de 2012, comezando o 01.12.12 e rematando o 26.01.13.
7. Con data do 19.07.2013 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas documentación do Plan, para se elabore, por parte deste órgano ambiental, a presente memoria ambiental debendo quedar reflectidas as súas determinacións no documento do Plan que se aprobe definitivamente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación de determinados plans e programas no ambiente derivada da transposición á lexislación estatal da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ten por obxecto promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación de determinados instrumentos de planificación, mediante a realización dun proceso de AAE. Esta lei establece que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica (AAE) os plans que podan ter efectos significativos sobre o ambiente, que se elaboren ou aproben por unha Administración pública e que a súa elaboración e aprobación veña esixida por unha disposición legal.



2. O Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, atribúe á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, tendo a condición de órgano ambiental competente na Comunidade Autónoma de Galicia para a tramitación do procedemento de AAE, segundo o disposto no artigo 5 da Lei 9/2006, do 28 de abril.

Visto canto antecede, **RESOLVO**

Primeiro.- Aprobar a memoria ambiental do *Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa*, que se xunta.

Segundo.- Dar publicidade á presente Resolución no Diario Oficial de Galicia.

Terceiro.- Notificar esta Resolución a Augas de Galicia, aos efectos oportunos.

O resultado do proceso de participación pública e consultas figura no anexo I.

Sen prexuízo dos deberes de publicidade que corresponden ao órgano promotor conforme ao artigo 14 da Lei 9/2006, do 28 de abril, os documentos xerados durante a tramitación, permanecerán a disposición do público na web de avaliación ambiental estratéxica de plans da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental.

Santiago de Compostela, a 29 de xullo de 2013

Justo de Benito Basanta

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



MEMORIA AMBIENTAL

Plan de seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa

Índice

- 1. DESCRICIÓN DO PLAN**
 - 2. ANÁLISE DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E DA SÚA CALIDADE**
 - 3. AVALIACIÓN DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS**
 - 4. ANÁLISE DA PREVISIÓN DE EFECTOS SIGNIFICATIVOS DO PLAN**
 - 5. DETERMINACIÓNS FINAIS**
 - 6. MEDIDAS DE SEGUIMENTO AMBIENTAL**
- ANEXO I.- RESULTADO DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS**



1. Descrición do Plan

Como **instrumento vixente** para a xestión da seca na Comunidade estase a empregar o Plan de protección civil ante situacións de seca aprobado pola Orde do 24 de xuño de 2002 (DOG núm. 143, do 26 de xullo de 2002), que actúa unicamente en situacións de emerxencia, garantindo o abastecemento á poboación.

A **necesidade do PSGC**, segundo se expón na documentación, ven dada polas situacións de seca que se están a sufrir nos últimos anos na Comunidade Autónoma de Galicia; estando regulada a súa elaboración na memoria e no programa de medidas do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (Real Decreto 1332/2012, do 14 de setembro).

Á vista do anterior, elabórase este Plan como un instrumento que, ante un episodio de seca, permita á Administración a toma de decisións e a adopción de medidas que permitan minimizar os efectos adversos deste fenómeno.

No que se refire ao seu **alcance e contido**, o PSGC resolve tres cuestións fundamentais:

- Establece cando actuar, co fin de prever e anticiparse ás futuras secas.
- Establece a secuencia de activación das medidas de mitigación, segundo o estado no que se atopen os recursos da bacía e as previsións sobre a súa evolución.
- Atribúe as responsabilidades de acción, é dicir, quen son os responsables de implantar e seguir tales medidas, para garantir a súa adopción e a coordinación entre institucións e entidades públicas.

Os estudos necesarios para a súa elaboración son realizados por Augas de Galicia, como organismo de bacía con competencias no ámbito territorial de Galicia-Costa; seguindo os criterios establecidos pola Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro do 2000 pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas), que promove un uso sostible das augas baseado na protección a longo prazo dos recursos dispoñibles, que serve para paliar os efectos das secas; así como os establecidos pola Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional.

As bases de partida empregadas son polo tanto o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, o Plan de abastecemento de Galicia e o seu programa de seguimento, a evolución e a previsión meteorolóxica en colaboración con Meteogalicia, as diferentes estacións de medida dos recursos existentes, os datos rexistrados pola rede de calidade de augas e control de vertidos ao dominio público (Rede Cave), o Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) e as guías para a redacción de plans especiais de actuación en situación de alerta e eventual seca.

En base ao anterior, establécense diversas **medidas de actuación**, as cales se describen a continuación:

- **Medidas estratéxicas:** son actuacións a longo prazo, de carácter institucional e de infraestrutura que forman parte da planificación hidrolóxica e que se aplican no estado de normalidade e prealerta. No primeiro estado realizarase o seguimento dos indicadores de estado e das medidas de planificación, como por exemplo, a priorización de usos, e se incidirá na concienciación cidadá, sendo o período adecuado para planificar e preparar as medidas que deben activarse en fases de menor dispoñibilidade de recursos. No estado de prealerta actuarase sobre a dispoñibilidade do recurso, reducirase a demanda e mellorarase a eficiencia no uso.
- **Medidas tácticas:** aplícanse en fase de alerta. Pretenden conservar os recursos mediante a mellora na xestión, o uso conxunto de augas superficiais e subterráneas, aforros e limitación do uso dos grandes sistemas de abastecemento.
- **Medidas de emerxencia** actívanse en estado de emerxencia. Están destinadas á optimización no gasto dos escasos recursos dispoñibles nesta fase, para o que se establecerán restricións aos usos menos prioritarios ou incluso se adoitarán as medidas estruturais ou técnicas necesarias en cada caso.



2. Análise do informe de sustentabilidade ambiental e a súa calidade

De forma previa cómpre sinalar que con data do 14.01.2013 esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu o correspondente informe sobre a calidade do ISA no que se concluíu que o ISA deste Plan se axustaba ao establecido no DR emitido.

Polo tanto, nesta Memoria ambiental non se realiza ningunha consideración a maiores das formuladas no citado informe, coa excepción daquelas relacionadas cos cambios realizados no ISA e no Plan con motivo das alegacións e restantes informes recibidos (ver anexo I).

Ao respecto do informe de calidade do ISA, sinalar que deberá xuntarse ao documento do Plan *Informe de alegacións*, por ser un dos informes emitidos durante a fase de participación pública e consultas.

Análise dos condicionantes previos no ámbito de influencia

No apartado 1.1.1. do ISA defínese adecuadamente o ámbito do Plan e avalíase a problemática actual do fenómeno da seca na Comunidade tendo en conta as variables de sustentabilidade afectadas, identificándose os condicionantes e prevíndose a situación futura de non aplicarse o Plan. Tamén se citan os instrumentos de planificación e xestión dos recursos hídricos concorrentes.

En canto ao **ámbito do PSGC**, diferénciase o xeográfico, tipolóxico ou técnico e temporal. O ámbito xeográfico correspóndese coa Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, para a que se describen brevemente as súas principais características, modificándose e incorporándose algúns datos atendendo aos informes recibidos, como por exemplo os relacionados coas zonas sensibles por razóns ambientais solicitados no informe da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. O ámbito tipolóxico ou técnico fai referencia aos recursos hídricos obxecto do Plan. O ámbito temporal estará definido pola necesidade de revisión ou actualización do Plan, polo que non se establece un período de vixencia.

Para o **estudo do fenómeno da seca e a previsión futura**, tense en conta a súa influencia sobre todas as variables afectadas: paisaxe, patrimonio natural, biodiversidade, patrimonio cultural, sociedade e economía, mobilidade, solo, enerxía, atmosfera e cambio climático e ciclo hídrico. En cada caso identifica a problemática existente e a futura de non aplicarse o Plan.

No tocante aos **instrumentos con incidencia no Plan**, infórmase dos seus obxectivos e actuacións os cales foron tidos en conta na súa redacción. Ademais, cítase a normativa europea, estatal e autonómica relacionada coa xestión dos recursos hídricos de interese para o PSGC.

Obxectivos

O ISA (apartado 2), tras expoñer a necesidade de elaborar este Plan, recolle o obxectivo xeral do PSGC e os obxectivos específicos de acordo co solicitado no DR, os cales se consideran adecuados por atender á problemática existente e ser coherentes coas actuacións propostas. Ademais establécense obxectivos instrumentais co fin de acadar os obxectivos específicos.

Como **obxectivo xeral** do PSGC establécese *“minimizar os efectos negativos ambientais, económicos e sociais de eventuais situacións de seca”*. Os **obxectivos específicos**, formulados en liña co obxectivo principal e as medidas do Plan, pretenden garantir o abastecemento a poboación e minimizar os efectos da seca no medio natural, o abastecemento e as actividades económicas. Os **obxectivos instrumentais ou operativos**, como xa se expuxo, fórmulanse como vía para acadar os obxectivos específicos.

Tras estas observacións, cómpre sinalar, como xa se fixo no informe sobre a calidade do ISA, que aínda que se bota en falta a xustificación de como se tiveron en conta as variables na definición destes obxectivos, estes considéranse adecuados xa que se axustan á natureza e motivación do Plan.



Análise das alternativas

A análise de alternativas que figura no apartado 3 do ISA levouse a cabo de acordo cos requirimentos do DR. Deste xeito, en liña cos obxectivos formulados, propóñense tres alternativas entre as que se considerou a “0” ou “situación actual”, valóranse estas opcións comparándose entre si e, finalmente, xustifícase a elección dunha delas como proposta do PSGC tendo en conta as variables e os criterios de sustentabilidade.

En canto á **proposta de alternativas**, cómpre recordar que foi modificada respecto á presentada no documento de inicio para redacción do documento de referencia. Nesta fase do procedemento, a proposta mantense; no entanto modifícase a redacción da alternativa “2” atendendo á alegación presentada polo Sindicato Nacional de Comisións Obreiras co fin de que quede claro o seu propósito.

A **valoración das alternativas** realízase mediante un método comparativo cuantitativo que ten en conta as variables e os criterios de sustentabilidade establecidos no DR.

A **xustificación da alternativa seleccionada** baséase na valoración anterior, na que a alternativa “2” acadou os mellores valores de sustentabilidade, elixíndose polo tanto como proposta do PSGC.

Análise dos efectos da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade e o deseño de medidas

No apartado 4 do ISA lévase a cabo a **caracterización dos efectos** esperados (positivos, negativos ou sen relación) tendo en conta as variables afectadas e as medidas do Plan, reflectindo os resultados obtidos na figura 17 (“Impactos e efectos no medio”).

No tocante ás **medidas propostas**, estas se corresponden con actuacións do Plan (estratéxicas, tácticas e de emerxencia), as cales se deseñaron tendo en conta a situación da seca na Demarcación, os obxectivos formulados e os efectos previstos, polo que se consideran adecuadas.

Plan de seguimento

No apartado 5 do ISA defínese o plan de seguimento proposto, o cal se considera adecuado aos obxectivos e actuacións do Plan, ademais o seu contido se axusta ao requirido. Por unha banda baséase no uso de indicadores, incorporando os facilitados no DR e incluíndo outros que o órgano promotor considera necesarios, e permite a participación do órgano ambiental coa remisión dos informes resultantes.

En canto aos indicadores, subliñar que, por unha banda, se establece un indicador operativo cos fin de coñecer o grao de execución das medidas establecidas polo Plan e, por outra banda, se inclúen indicadores de sustentabilidade que informan da incidencia da seca sobre as variables de sustentabilidade.

Viabilidade económica da alternativa seleccionada

O ISA carece dun apartado dedicado á viabilidade económica do Plan. Como xa se salientou no informe de calidade do ISA, xustifícase expoñendo que o PSGC é un instrumento de xestión cuxas medidas serán obxecto do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa e outra planificación sectorial relacionada, nos que o importe das actuacións se terán que estimar. Como excepción preséntanse a realización de obras de emerxencia, que non é posible prever, e que en todo caso se executarán.

Análise da coherencia

No apartado 7 do ISA analízase a coherencia do PSGC. Nesta análise diferénciase a coherencia interna e a externa, xustificándose en cada caso a relación e compatibilidade de todos os aspectos analizados.

A **coherencia interna** xustifícase mediante a relación entre os obxectivos e os principios e directrices de protección ambiental e desenvolvemento sostible, así como cos condicionantes e problemas detectados no diagnóstico. Tamén se xustifica a relación entre o programa de medidas e os obxectivos do Plan.



Para a **coherencia externa** seguiuuse a recomendación do DR de xustificala a través da análise de compatibilidade estratéxica proposta nas Directrices de ordenación do territorio, polo que ademais de considerarse a relación do PSGC cos instrumentos de planificación dos recursos hídricos, tivéronse en conta os elementos estratéxicos e analizouse o proceso de decisión.

3. Avaliación do proceso de participación pública e consultas

A proposta de Plan xunto co ISA someteuse a información pública durante un prazo de 45 días tras a publicación do correspondente anuncio no DOG núm. 229, do 30 de novembro de 2012, quedando a disposición a documentación para a súa consulta nas distintas sedes de Augas de Galicia e a través da súa web.

De xeito paralelo, leváronse a cabo as consultas ás administracións públicas e ao público interesado sinalado no DR e ampliouse a consulta a outras administracións e organismos incluídos no Consello Reitor de Augas de Galicia e a outras entidades como público interesado, tal e como se recolle na seguinte táboa.

CONSULTAS REALIZADAS	
ADMINISTRACIÓNS E ORGANISMOS	Data da solicitude
Concellos incluídos dentro do ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa	30/11/2012
Membros do Consello Reitor de Augas de Galicia	30/11/2012
Secretaría Xeral. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	30/11/2012
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	30/11/2012
Dirección Xeral de Infraestruturas. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	30/11/2012
Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería do Medio Rural	30/11/2012
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural	30/11/2012
Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes. Consellería do Medio Rural	30/11/2012
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural	30/11/2012
Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública. Consellería de Sanidade	30/11/2012
Ente público Instituto tecnolóxico para o Control do medio Mariño. Consellería do Medio Rural e do Mar	30/11/2012
Dirección de Recursos Económicos. Consellería de Sanidade	30/11/2012
Servizo de Administración Empresarial. Consellería de Facenda	30/11/2012
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior. Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza	30/11/2012
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil. Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño	30/11/2012
Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa	30/11/2012
Delegación do Goberno en Galicia	30/11/2012
Demarcación de Costas Galicia-A Coruña. Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño	30/11/2012
PÚBLICO INTERESADO CONSULTADO	Data da solicitude
Federación Galega de Municipios e Provincias	30/11/2012
Colexio de Enxeñeiros de Camiños	30/11/2012
Colexio de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia COIAGAL	30/11/2012
Colexio Oficial de Biólogos de Galicia	30/11/2012
Colexio Oficial de Químicos de Galicia	30/11/2012



CONSULTAS REALIZADAS	
Delegación Galega, Colexio Xeógrafos	30/11/2012
Asociación Española de Avaliación De Impacto Ambiental	30/11/2012
Asociación De Produtores de Enerxías Renovables APPA	30/11/2012
Delegación Galega, Colexio Xeógrafos	30/11/2012
Asociación Empresarial de Produtores De Cultivos Mariños: APROMAR	30/11/2012
OVICA	30/11/2012
Asociación Oceanógrafos de Galicia	30/11/2012
Cámara Oficial de Industria, Comercio y Navegación de Vigo	30/11/2012
Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol	30/11/2012
Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra	30/11/2012
Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Santiago de Compostela.	30/11/2012
Consello Galego de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación	30/11/2012
Comisións Obreiras Galicia	30/11/2012
Confederación Nacional do Traballo (CNT)	30/11/2012
Unións Agrarias	30/11/2012
Unión Xeral de Traballadores Galicia	30/11/2012
Confederación Intersindical Galega	30/11/2012
Confederación de Empresarios de Galicia	30/11/2012
Confederación Xeral do Traballo (CXT)	30/11/2012
Federación Ecoloxista Galega	30/11/2012
Amigos da Terra	30/11/2012
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia	30/11/2012
Sociedade Galega de Historia Natural	30/11/2012
AEMS-Ríos con vida	30/11/2012
PX	30/11/2012
Colectivo Ecoloxista do Salnés (CES)	30/11/2012
Grupo Naturalista Hábitat	30/11/2012
Vaipolorío	30/11/2012
Niño do Azor	30/11/2012
Verdegaia	30/11/2012
WWF-ADENA	30/11/2012
GREENPEACE España	30/11/2012
Néboa	30/11/2012
Ecologistas en Acción	30/11/2012
Loita Verde	30/11/2012
Asociación Ecoloxista Naturviva	30/11/2012
Oureol	30/11/2012
SEO/Birdlife	30/11/2012
Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO)	30/11/2012
Guerrilleiros das Fragas	30/11/2012
Confederación Galega de Asociacións Veciñais (COGAVE)	30/11/2012
Asociación Cultural de Investigacións Submarinas de Vigo	30/11/2012
Asociación do Gremio de Mareantes de Pontevedra	30/11/2012



CONSULTAS REALIZADAS	
Asociación Cultural Rabo do Galo	30/11/2012
Plataforma ENVITE	30/11/2012
Asociación Turmalina de Actividades Bioculturais	30/11/2012
Consello da Xuventude de Galicia	30/11/2012
Sociedade Galega de Educación Ambiental	30/11/2012
Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR)	30/11/2012
Asemblea do Suído	30/11/2012
Xevale	30/11/2012
Federación Galega de Surf	30/11/2012
Federación Galega de Remo	30/11/2012
Museo Provincial do Mar	30/11/2012
Museo Casa dos Peixes	30/11/2012
Universidade de Santiago de Compostela	30/11/2012
Universidade de Vigo	30/11/2012
Universidade da Coruña	30/11/2012
Asociación Galega de Comercializadores de Marisco	30/11/2012
Asociación Forestal de Galicia (Sede Principal)	30/11/2012
Asociación de Maiorista Exportadores de Peixes e Mariscos	30/11/2012
Unións Agrarias de Galicia	30/11/2012
Xóvenes Agricultores	30/11/2012
Sindicato Labrego Galego	30/11/2012
Asociación Euroeume	30/11/2012
Fundación Galicia Sustentable	30/11/2012
Singla ingeniería	30/11/2012
AGEINCO (Asociación Galega de Empresas de Enxeñería e Consultoría)	30/11/2012
ACIGA (Asociación de Consultoras e Enxeñerías de Galicia)	30/11/2012
Adantia, Area Técnica Ambiental	30/11/2012
Hidrogaia	30/11/2012
Eptisa, División de Hidráulica	30/11/2012
Idom , División de Hidráulica	30/11/2012
Aquatica Ingeniería SL	30/11/2012
ICEACSA	30/11/2012
CIISA	30/11/2012
PROYFE	30/11/2012
Applus	30/11/2012
INOR	30/11/2012
GOC S.A.	30/11/2012
PROINTEC	30/11/2012
Industrias Cerdeimar	30/11/2012
Conservas Ortiz S.A.	30/11/2012
Electricidad Pontevedra	30/11/2012
Jealsa-Rianxeira	30/11/2012
Conservas Peña	30/11/2012



CONSULTAS REALIZADAS	
SGL CARBON SA	30/11/2012
FERROATLÁNTICA	30/11/2012
ENDESA	30/11/2012
Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia	30/11/2012
Norvento Hidráulica S.A.	30/11/2012
HIDROFREIXA	30/11/2012
Gas Natural	30/11/2012
Hidroeléctrica Cortizo	30/11/2012
Asociación de Produtores de Enerxías Renovables	30/11/2012
EUFER (Enel Unión Fenosa Renovables, S.A.)	30/11/2012
ECOENER	30/11/2012
ALUMINIO ESPAÑOL, S.A.	30/11/2012
TASGA	30/11/2012
Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia	30/11/2012
Lignitos de Meirama S.A. (LIMEISA)	30/11/2012
Clúster do granito	30/11/2012
Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixe e Mariscos (ANFACO)	30/11/2012
Federación Galega de Confrarías de Pescadores	30/11/2012
CONXEMAR (asociación española de maioristas, importadores, transformadores e exportadores de produtos da pesca)	30/11/2012
ATRUGAL (asociación e organización de produtores de troita de Galicia)	30/11/2012
AGAMAR (asociación galega de mariscadores e mariscadoras)	30/11/2012
Pescagalicia-Arpega	30/11/2012
Clúster da acuicultura de Galicia	30/11/2012
Cooperativa Forestal Gandeiro Rexional, Soc. Coop. Gallega (C.O.F.O.G.A.R S.COOP.).	30/11/2012
Asociación de Ostricultores de Galicia	30/11/2012
Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia	30/11/2012
Firme de Empresarios Produtores Lácteos (FEPLAC)	30/11/2012
Asociación de Comercializadores de Peixe de Vigo	30/11/2012
Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA)	30/11/2012
Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega (ACRUGA)	30/11/2012
AQUAGEST	30/11/2012
Aqualia Grupo FCC	30/11/2012
EMALCSA (Empresa municipal augas da Coruña)	30/11/2012
EMAFESA	30/11/2012
AGBAR	30/11/2012
Espiña e Delfín	30/11/2012
TESAGUA	30/11/2012
AQUA Plan Project. Proxecto Life	30/11/2012

Como resultado do proceso de información pública e das consultas do Plan, o órgano promotor sinala que se recibiron **catro alegacións**, tal e como se amosa na seguinte táboa. No entanto, non se inclúe na documentación, referencia á recepción do informe de calidade do ISA emitido pola Secretaría



Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data do 31.01.2013, o cal indicaba que o ISA se axustaba ao establecido no DR.

ALEGACIÓNS RECIBIDAS	Data de entrada
Navarro Xeración, S.A.	21/01/2013
Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Consellería do Medio Rural e do Mar	23/01/2013
Gas Natural Fenosa	25/01/2013
Sindicato Nacional de Comisións Obreiras	28/01/2013

O órgano promotor respondeu de forma motivada ás observacións e alegacións recibidas, de xeito que no anexo I da presente memoria recóllese un resumo das principais consideracións recibidas, así como as valoracións realizadas.

Á vista do anterior, considérase que o procedemento de consultas e información pública realizado dentro do procedemento de AAE foi correcto no referente ás modalidades e prazos establecidos no DR, **no entanto deberá incluírse dentro do informe de participación pública e consultas o informe emitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.**

4. Análise da previsión de efectos significativos do Plan

No apartado 4 do ISA se caracterizan os efectos esperados da aplicación das medidas estratéxicas, tácticas e de emerxencia establecidas fronte aos elementos ou variables afectadas pola seca no ámbito da Demarcación.

Nesta análise de efectos significativos débese diferenciar entre os efectos das secas, cuxos aspectos negativos se minimizan con este Plan e os efectos das medidas propostas que determinan os efectos derivados da aplicación do Plan.

Con carácter xeral a maior parte das medidas recollidas no Plan teñen efectos positivos sobre as variables analizadas dado que o seu fin é minimizar os efectos negativos da seca. En concreto, da análise dos diversos tipos de medidas propostas para cada estado ou fase do Plan en relación os elementos afectados pódese indicar que:

- As medidas estratéxicas (seguimento dos indicadores da seca, intercambio e actualización de información, control dos usos e das detraccións, actuacións normativas, control de perdas e optimización de procesos e concienciación cidadá), establecidas para os estados de normalidade ou prealerta, terán efectos positivos sobre as variables ciclo hídrico e sociedade e economía e para o resto de variables poden considerarse os efectos destas medidas indirectos e sinérxicos co resto de medidas.
- As medidas tácticas (limitación de usos e detraccións, restrición no recurso, modificación da estrutura tarifaria en seca, axuste dos caudais de saída de encoros, axustes do caudal ecolóxico, actuacións para a protección da ictiofauna, trasvases con medios móbiles, emprego de reservas estratéxicas e obras de emerxencia) establecidas para o estado de alerta terán, en xeral, un efecto positivo sobre as variables estudadas, agás as relacionadas cos axustes nos caudais ecolóxicos e nos caudais de saída dos encoros ámbalas dúas relacionadas que presentan un efecto negativo, temporal e reversible sobre os ecosistemas acuáticos, as cales se poden minimizar reducindo a súa duración e garantindo o restablecemento do caudal ecolóxico co fin de que estes axustes non afecten de xeito significativo as zonas sensibles identificadas polo Plan por razóns ambientais ante situacións de seca. Pola contra, estas restricións nestes caudais son positivas para o resto de usos ao xerar recursos para atendelos.
- En canto as medidas de emerxencia (restrición no recurso aos usos non prioritarios, axuste dos caudais de saída de encoros e medidas estruturais ou técnicas) establecidas para o estado de emerxencia, terán en xeral efectos positivos a excepción da medida de restrición da demanda do recurso aos usos non prioritarios que terá efectos negativos, temporais e reversibles sobre a calidade de vida da poboación, sobre a actividade agrícola, a actividade industrial e sobre a



actividade de xeración hidroeléctrica, cuestión que haberá que avaliar, ao menos, no relativo a preferencia destes usos fronte a outros e pola contra terán efectos positivos sobre a saúde e a calidade de vida ao garantir a demanda do recurso para o abastecemento á poboación.

5. Determinacións finais

Á vista do exposto ao longo desta memoria ambiental conclúese que o *Plan de seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa* é **ambientalmente viable e integra correctamente os criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia.**

Finalmente, segundo o disposto no artigo 14 da Lei 9/2006, do 28 de abril, unha vez **aprobado o Plan definitivamente**, Augas de Galicia remitirá a esta Secretaría Xeral a seguinte documentación en soporte dixital:

- A. O Plan aprobado.
- B. Unha declaración que resuma os seguintes aspectos:
 - De que modo foron integrados no Plan os aspectos ambientais.
 - Como se tomaron en consideración o ISA, os resultados das consultas, a Memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias xurdidas no proceso.
 - As razóns da elección do Plan aprobado, en relación coas alternativas consideradas.
- C. As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio.
- D. Un resumo non técnico sobre a documentación contida nos puntos B e C.

6. Medidas de seguimento ambiental

Segundo o artigo 15 da Lei 9/2006, do 28 de abril, Augas de Galicia, como órgano promotor do Plan ten a responsabilidade de realizar o seguimento dos efectos no ambiente resultantes da aplicación e execución deste.

O plan de seguimento terá como obxectivo identificar con prontitude os efectos adversos non previstos e poder levar a cabo as medidas axeitadas para poder evitalos. Asemade deberá servir para verificar o grado de consecución dos obxectivos propostos polo Plan e o respecto ao medio na execución das medidas previstas.

De conformidade co anterior, o ISA inclúe un plan de seguimento ambiental baseado nun sistema de indicadores que serán medidos cunha periodicidade anual e remitidos ao órgano ambiental mediante un informe no que se recolla a valoración destes resultados.

Así mesmo, dado que o Plan non establece un ámbito temporal determinado, entre os criterios establecidos para proceder a súa revisión, contempla unha posible modificación significativa do sistema de indicadores.

Respecto á redacción dos informes de seguimento, e co fin de facilitar a participación do órgano ambiental, recoméndase establecer unha estrutura que permita a súa comparativa ano tras ano. En canto ao seu contido, sería conveniente que inclúan un breve resumo da situación respecto á programación prevista e unha análise de indicadores na que se avalíe o grao de cumprimento dos obxectivos do Plan e se valoren as medidas propostas, así como a necesidade de aplicar outras novas. Ademais, expóranse as conclusións xerais sobre o proceso levado a cabo, as dificultades xurdidas nel e a sustentabilidade do Plan.



ANEXO I.- RESULTADO DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

De acordo co establecido no DR, a continuación transcríbese a resposta de Augas de Galicia ás consideracións recibidas durante o proceso de participación pública e consultas do Plan. En canto a estas, sinalar que se bota en falta o informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en relación á calidade do ISA.

Así, nas táboas que seguen, recóllese a información dos informe recibidos, tal e como foi tratada polo órgano promotor que, de forma xeral integrou as observacións recibidas.

Sociedade Navarro Generación, S.A.
Resumo do contido:
<ol style="list-style-type: none">1. Recomenda o cambio de estación pluviométrica da que se extraen os datos para obter o indicador meteorolóxico do sistema de explotación nº 12 "Río Mandeo e Ría de Betanzos".2. Sinala que nos esquemas dos sistemas de explotación recollidos no anexo 2 do Plan non se recolle no sistema de explotación nº 12 unha captación por bombeo ao núcleo de Aranga.
Valoración feita polo promotor:
<ol style="list-style-type: none">1. Estimada. Cámbiase a estación de Fene inicialmente proposta pola de Mabegondo.2. Estimada. Recoñécese a existencia da captación referida na alegación polo que se incluírá no gráfico do sistema de explotación.

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Resumo do contido:
<ol style="list-style-type: none">1. Alegan que na memoria do Plan e no ISA non se recollen unha serie de estudos e análises, nin se definen medidas para a diminución dos efectos das secas e a recuperación do medio.
Valoración feita polo promotor:
<ol style="list-style-type: none">1. Estimada. O Plan de seca é un plan de xestión, non sendo obxecto do mesmo a definición do sistema hidrolóxico e do medio asociado nin aportar outro tipo de datos ou estudos, que se recollen no Plan Hidrolóxico. e noutros plans sectoriais relacionados. Inclúiranse dentro do Plan de Seca unhas zonas onde levarase a cabo un seguimento máis exhaustivo das situacións de seca, pola especial sensibilidade dos ecosistemas acuáticos coa escaseza de auga. Subliña que se están a realizar os estudos de caudais ecolóxicos, nos que se establecerán os réximes de caudais mínimos e as condicións para a súa aplicación, e que unha vez acabada a parte técnica se realizarán os procesos de consulta pública e de concertación. En relación ao estudo dos efectos e incidencias no medio das situacións de seca, sinala que se realizan controis periódicos da calidade das augas que permiten detectar as alteracións nas comunidades biolóxicas consecuencias das presións no medio. Incorporarase ao Plan un apartado no que se recollan as zonas sensibles por razóns ambientais, así como unha aclaración respecto á diminución dos caudais ecolóxicos

Gas Natural SDG, S.A.
Resumo do contido:
<ol style="list-style-type: none">1. Alegan sobre os dereitos concesionais en relación coa lexislación de augas, sobre a definición de caudais ecolóxicos que se recollen no Plan e propoñen que se realice un proceso de concertación.
Valoración feita polo promotor:
<ol style="list-style-type: none">1. Indicase que este Plan é un plan de xestión non sendo obxecto do mesmo a determinación do réxime de caudais ecolóxicos, destaca que se están a realizar os estudos de caudais ecolóxicos e que unha vez acabada a parte técnica realizaranse os procesos de consulta pública e de concertación.



Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Resumo do contido:

1. Propoñen que se desenvolvan de maneira máis específica as medidas que afecten ao sistema de tarifas nas situacións de alerta e emerxencia e sinalan que esta medida podería non cumprir o fin que se sinala no plan.
2. Propoñen que se desenvolva de maneira máis específica os procesos de participación e comunicación ao público.
3. Propoñen que se desenvolva o mecanismo de participación das organizacións sociais e sindicais e os órganos de participación.
4. Propoñen que se revise a elección de alternativas no Informe de Sustentabilidade Ambiental

Valoración feita polo promotor:

1. Desestimada. A medida pretende a diminución dos consumos xa que está constatado pola súa aplicación que un sistema tarifario por tramos no que se grave os consumos máis elevados é unha medida de aforro de consumos eficaz. Así mesmo, indícase que se fai en referencia ao principio de recuperación de custos establecido na lexislación vixente. En todo caso estas medidas serían de aplicación transitoria mentres durase o escenario de seca e aplicaríase unicamente sobre os consumos excesivos. Non obstante cabe sinalar que no Plan establécense una serie de medidas a modo de recomendación, xa que a súa aplicación non corresponde a Augas de Galicia. No caso da actuación sobre as tarifas a competencia é a nivel municipal.
2. Estimada. Na páxina web de Augas de Galicia habilitarase un apartado no que se colgará a información relevante para o público en xeral. Ademais entrará en funcionamento a plataforma SINA.
3. Desestimada. Sinálase que no protocolo de actuación do Plan defínense os diversos órganos de xestión da situación de seca nos que están representados os usuarios da auga, administracións e outras organizacións interesadas e que estes órganos se definen máis polo miúdo no Decreto 32/2012, de 12 de xaneiro do Estatuto da EPE Augas de Galicia.
4. Estimada. Aclárase o significado da alternativa elixida en relación coa actuación nos caudais ecolóxicos.